

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Apertura prazo de ingreso na escola infantil municipal 2020-2021

ANUNCIO DE APERTURA PRAZO INGRESO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL 2020-2021

Con data de 15 de maio de 2020, ditouse a Resolución da alcaldía núm. 601/2020, pola que se resolve, entre outros, o seguinte:

Primeiro.- Abrir e publicar o prazo de solicitude de praza de novo ingreso na Escola Infantil Municipal de Bergondo para o curso 2020/2021 e establecelo do 25 de maio ao 12 de xuño.

Segundo.- Que debido á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 as solicitudes e demais documentación presentaránse preferentemente por vía telemática a través da sede electrónica do Concello e, se non se pode, de maneira presencial, sempre a través de cita previa cos Servizos Sociais Municipais, donde se habilitará o rexistro a tal efecto en horario de 9:00 a 15:00h.

Terceiro.- Publicar as prazas vacantes para o curso 2020-2021 que serán:

Aula de bebés: 8 en xornada completa continuada

Aula de 1-2 anos: 5 en xornada completa continuada, 1 en xornada completa continuada ou media xornada dende as 12:00 horas, e 1 en media xornada dende as 14:00 horas. Aula de 2-3 anos: 6 en xornada completa continuada (1 delas de 7:45- 14:00 horas), 1 en xornada completa continuada ou media xornada dende as 12:00 horas, e 1 en xornada completa continuada ou media xornada dende as 13:30 horas.

Cuarto.- A admisión de praza non garantizará a súa ocupación ata que se fixen os criterios e/ou protocolos (ratios educadora/alumnado, condicións hixiénicas, de protección...) que deberán adoptarse unha vez fixados por parte das Administracións competentes para a apertura da escola infantil no mes de setembro.

O que se publica para xeral coñecemento.

Bergondo, 18 de maio de 2020

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2020/2803